

### III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

#### INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA

*RESOLUCIÓN do 5 de xuño de 2015 pola que se dá publicidade ao acordo do Consello de Dirección que aproba as bases reguladoras das axudas para a bonificación dos custos do financiamento das pequenas e medianas empresas de Galicia, titulares de préstamos superiores a 25.000 euros, instrumentadas mediante convenio de colaboración entre o Instituto Galego de Promoción Económica (Igape), as entidades financeiras e as sociedades de garantía recíproca, e se procede á súa convocatoria en réxime de concorrencia non competitiva (Programa de apoio financeiro ás pemes).*

O Consello de Dirección do Igape, na súa xuntanza do 10 de abril de 2015, acordou por unanimidade dos seus membros asistentes a aprobación das bases reguladoras das axudas do Igape para a bonificación dos custos do financiamento das pequenas e medianas empresas de Galicia, titulares de préstamos superiores a 25.000,00 €, instrumentadas mediante convenio de colaboración entre o Instituto Galego de Promoción Económica (Igape), as entidades financeiras e as sociedades de garantía recíproca.

Na súa virtude e de conformidade coas facultades que teño conferidas,

#### RESOLVO:

Primeiro. Publicar as bases reguladoras das axudas do Igape para a bonificación dos custos financeiros das pequenas e medianas empresas de Galicia titulares de préstamos superiores a 25.000,00 €, instrumentadas mediante convenio de colaboración entre o Instituto Galego de Promoción Económica (Igape), as entidades financeiras e as sociedades de garantía recíproca.

Segundo. Convocatoria e prazo de presentación de solicitudes:

Convocar para 2015 o dito réxime de axudas en concorrencia non competitiva.

O prazo de presentación de solicitudes por parte do interesado no Igape, iniciarase o día seguinte ao da publicación destas bases reguladoras no *Diario Oficial de Galicia* e rema-



tará o 30 de outubro de 2015, concedéndose as axudas de conformidade co artigo 19.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

No caso de esgotamento do crédito o Igape publicará a dita circunstancia no *Diario Oficial de Galicia* e na páxina web do Igape [www.igape.es](http://www.igape.es) co fin de pechar anticipadamente o prazo de presentación de solicitudes, de conformidade co establecido no artigo 31.4 da citada Lei de subvencións de Galicia.

Terceiro. Dotación orzamentaria:

Os créditos dispoñibles para concesións nesta convocatoria aboaranse con cargo á seguinte aplicación orzamentaria e polos seguintes importes e coa seguinte distribución plurianual:

Partida orzamentaria	2015	2016
08.1A.741A.7700	400.000,00 €	2.600.000,00 €

O director xeral do Igape poderá ampliar os créditos e modificar as partidas orzamentarias, logo de declaración de dispoñibilidade dos créditos nos termos referidos no artigo 30.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, mediante resolución publicada para o efecto.

Así mesmo, non se poderán outorgar axudas por contía superior á que se determine na presente convocatoria, salvo que se realice unha nova convocatoria, ou se produza un incremento de créditos derivados dunha xeración, ampliación ou incorporación de crédito; ou da existencia de remanentes doutras convocatorias financiadas con cargo ao mesmo crédito ou a créditos incluídos no mesmo programa ou en programas do mesmo servizo, ao abeiro do disposto no artigo 31.2 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, do cal se dará a correspondente publicidade no *Diario Oficial de Galicia*.

Cuarto. Os requisitos das letras c), e), f), h), i), k), l), m) e n) do artigo 20.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, indícanse nas bases anexas a esta resolución.

Santiago de Compostela, 5 de xuño de 2015

Javier Aguilera Navarro  
Director xeral do Instituto Galego de Promoción Económica



**Bases reguladoras das axudas do Igape para a bonificación dos custos do financiamento das pequenas e medianas empresas de Galicia, titulares de préstamos superiores a 25.000,00 €, instrumentadas mediante convenio de colaboración entre o Instituto Galego de Promoción Económica (Igape), as entidades financeiras e as sociedades de garantía recíproca (Programa de apoio financeiro ás pemes)**

O Instituto Galego de Promoción Económica, no cumprimento das súas funcións, desempeña un papel esencial no desenvolvemento de programas e iniciativas que contribúan a acadar os obxectivos económicos estratéxicos da Comunidade Autónoma galega.

Nun contexto, no que os custos financeiros das pemes españolas en xeral, e galegas en particular, son máis elevados en relación a outros países da UE, considérase necesario arbitrar mecanismos que faciliten o acceso ao crédito e sirvan para atenuar este diferencial.

Esta circunstancia ten, ademais, unha especial incidencia nas provincias e comarcas menos desenvolvidas, debido á especial desaceleración das empresas existentes e unha maior dificultade para a implantación de novas iniciativas empresariais, por parte dos emprendedores. Neste sentido, en concordancia co informe do Consello da Xunta de Galicia, nas súas reunións do 24 de setembro e do 22 de outubro de 2009, respecto do Programa Impulsa-Lugo e o Programa Impulsa-Ourense, respectivamente, nos que se establecen, entre outras, as medidas transitorias de apoio aos investimentos e á especial situación dos concellos de Ferrolterra e Costa da Morte considérase fundamental que o Igape, a través das súas liñas de axuda, conceda un nivel superior de intensidade de axuda ás iniciativas empresariais implantadas nestas áreas xeográficas coa finalidade de estimular o seu desenvolvemento económico e social dun xeito máis equilibrado.

Nesta liña, convócanse as axudas do Igape ás pequenas e medianas empresas para a bonificación dos custos do financiamento superior a 25.000,00 €, para acometer investimentos en Galicia e dotarse da liquidez necesaria para o desenvolvemento da actividade.

A tramitación destas axudas exclúe a concorrência competitiva con base no establecido no artigo 19.2º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, por canto serán bonificables todas as operacións financeiras que cumpran os requisitos establecidos nas bases reguladoras, ata o esgotamento do crédito. Xustifícase a excepcionalidade por canto nestes casos non é necesaria a comparación de proxectos entre si, polo interese especial de promover calquera proxecto de investimento que, cumprindo os requisitos especificados nas presentes bases, poidan levar adiante as empresas.



Así mesmo, a concorrencia non competitiva é o mecanismo que permite que as solicitudes de axuda financeira poidan ser atendidas coa debida dilixencia e en todo momento, mantendo a posibilidade de solicitude aberta de xeito continuo.

#### Artigo 1. *Obxecto*

As presentes bases regulan o contido e procedemento de tramitación das axudas ao financiamento dos investimentos en Galicia, por parte das pequenas e medianas empresas.

#### Artigo 2. *Beneficiarios*

2.1. Poderán ser beneficiarios das axudas previstas nestas bases os autónomos e aquelas empresas que teñan a consideración de microempresa ou pequenas ou medianas empresas (pemes), segundo a definición establecida pola Comisión Europea no anexo I do Regulamento (UE) nº 651/2014 (DOUE L 187, do 26 de xuño), da Comisión, do 17 de xuño de 2014, polo que se declaran determinadas categorías de axuda compatibles co mercado interior en aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado UE, calquera que sexa a súa forma xurídica, polo que tamén poderán acceder á condición de beneficiario as persoas físicas, agrupacións de persoas físicas ou xurídicas, as comunidades de bens ou calquera outro tipo de unidade económica ou patrimonio separado que, aínda carecendo de personalidade xurídica, poidan levar a cabo as actividades ou se atopen na situación que motiva a concesión das axudas. Neste caso deberán facerse constar expresamente, tanto na solicitude como na resolución de concesión, os compromisos de execución asumidos por cada membro da agrupación, así como o importe das axudas que se vai aplicar por cada un deles, que terán igualmente a consideración de beneficiarios. En calquera caso, deberá nomearse un representante ou apoderado único con poder suficiente para cumprir as obrigas que como beneficiario lle correspondan á agrupación. Non poderá disolverse a agrupación ata que transcorra o prazo de prescrición de catro anos do artigo 35 e 63 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2.2. Terán que ter formalizada unha operación de préstamo, previamente ou con posterioridade á entrada en vigor das presentes bases, con fondos do ICO das liñas ICO-Empresas e Emprendedores 2015, ICO-Garantía SGR/SAECA 2015 ou ben con fondos da propia entidade financeira sempre que estean avalados por unha SGR ou polo Igape.

En calquera caso, os préstamos deberán estar formalizados a partir do 1 de xaneiro de 2015 e con anterioridade á data de presentación da solicitude de axuda, por un importe



superior a 25.000,00 €, a un prazo igual ou superior a cinco anos e cumprir coas condicións específicas e características dos proxectos a financiar, establecidas nestas bases.

2.3. En aplicación do artigo 51.b) da Lei 11/2014, do 19 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2015, os solicitantes quedan exentos de achegar os xustificantes de cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da comunidade autónoma. Non obstante, deberán cubrir no formulario telemático de solicitude a declaración responsable do solicitante de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias, fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración da comunidade autónoma.

2.4. Ademais de reunir os requisitos establecidos para cada liña de financiamento deberán cumprir os requisitos para obter a condición de beneficiario establecidos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e cumprir as obrigas do artigo 11 da citada Lei de subvencións e non ser considerados empresas en crise de acordo coa definición de empresa en crise establecida no apartado 18 do artigo 2 do Regulamento nº 651/2014, da Comisión, do 17 de xuño de 2014, polo que se declaran determinadas categorías de axuda compatibles co mercado interior en aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado da UE.

### Artigo 3. *Condicións específicas para o acceso ás axudas do Igape*

#### 3.1. Actividade.

Os proxectos obxecto de financiamento a través desta liña terán que corresponderse con algunha das actividades sinaladas no anexo II. Non obstante, no caso de proxectos que van ser desenvolto por emprendedores considéranse atendibles todas as actividades, agás as excluídas nas letras c), d) e e) do artigo 1 do Regulamento (UE) nº 1407/2013 da Comisión do 18 de decembro de 2013, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado ás axudas *de minimis* e para as empresas do sector pesqueiro no artigo 1 do Regulamento (CE) nº 717/2014 da Comisión, do 27 de xuño de 2014, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da UE ás axudas *de minimis* no sector da pesca e da acuicultura (DOUE L 190, do 28 de xuño de 2014) e para as empresas do sector agrícola no artigo 1 do Regulamento 1408/2013, do 18 de decembro, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado ás axudas *de minimis* no sector da produción de produtos agrícolas (DOUE do 21 de decembro).



### 3.2. Localización.

O proxecto de investimento deberá realizarse en Galicia. No caso de proxectos de adquisición de empresas, a empresa adquirente e adquirida deberá ter o seu domicilio social en Galicia.

#### Artigo 4. *Características dos proxectos a financiar*

4.1. O financiamento con fondos do ICO das liñas ICO-Empresas e Emprendedores 2015, ICO-Garantía SGR/SAECA 2015 ou ben con fondos da propia entidade financeira avalados por unha SGR, poderá destinarse aos seguintes conceptos:

- Activos fixos produtivos novos ou de segunda man.
- Vehículos industriais sen límite de prezo e vehículos turismos, cun prezo máximo de 30.000 €, sen incluír o IVE.
- Adquisición de empresas.
- Liquidez co límite do 50 % do financiamento.

4.2. O financiamento con fondos da propia entidade financeira con aval do Igape, deberá destinarse aos seguintes conceptos:

- Activos fixos produtivos novos ou de segunda man.
- Vehículos industriais sen límite de prezo e vehículos turismos, cun prezo máximo de 30.000 €, sen incluír o IVE.

Ademais, os ditos activos deberán corresponder a un investimento que se desenvolverá en solo industrial de parques empresariais ou industriais, adquirido no ano 2015.

4.3. Por activo produtivo deberán entenderse aqueles bens que, directa ou indirectamente, permitan realizar a actividade da empresa.

4.4. Os beneficiarios das axudas establecidas nestas bases deberán manter os investimentos obxecto de financiamento durante a vixencia da bonificación á operación financeira. Considerarase cumprida esta condición no caso de que os bens nos cales se materialice o investimento sexan substituídos por outros da mesma natureza e destino, e non poderán obter para a súa adquisición ningún tipo de axuda financeira do Igape.



4.5. Non se concederá axuda, por parte do Igape, ao financiamento destinado a:

- Vehículos de transporte, no sector de transporte de mercadorías por estrada.
- Adquisición ou construción de buques de pesca.
- O imposto sobre o valor engadido (IVE) ou calquera outro tributo ligado ao investimento.

4.6. Os bens obxecto do investimento deberán ser adquiridos polo beneficiario en propiedade. Poderanse financiar investimentos realizados no período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2014 ata un ano desde a formalización do préstamo. A diferenza entre os importes correspondentes aos investimentos e o importe disposto do financiamento, considérase utilizado para liquidez.

#### Artigo 5. *Importe mínimo e máximo de préstamo bonificable por beneficiario*

5.1. Con independencia do importe do préstamo formalizado, o importe máximo bonificable, para as operacións sen aval ou con aval dunha sociedade de garantía recíproca, será de 100.000,00 € para o tipo de xuro e 500.000 € para a comisión de aval.

5.2. A porcentaxe de financiamento poderá alcanzar o 100 % do proxecto, non obstante a bonificación do Igape calcularase para o 75 % do importe do préstamo.

#### Artigo 6. *Prazos de amortización e carencia*

Serán atendibles, para os efectos das axudas establecidas nestas bases, os préstamos formalizados a un prazo igual ou superior a 5 anos.

#### Artigo 7. *Tipos de xuro e comisións das operacións*

7.1. Os tipos de xuro máximos, segundo o prazo e modalidade escollida, serán os publicados quincenalmente polo ICO na súa páxina web [www.ico.es](http://www.ico.es), no punto de tipo de xuro que figura nas fichas das liñas ICO-Empresas e Emprendedores 2015, para as operacións sen aval de SGR e na ficha da liña ICO-Garantía SGR/SAECA 2015 para as operacións formalizadas con aval dunha SGR ou do Igape.

7.2. Nas operacións sen aval de SGR, a entidade de crédito non aplicará ningunha comisión ao cliente pola concesión do financiamento. No caso de contar con aval financeiro



do 100 %, a SGR poderá aplicar unha comisión de estudo máxima do 0,50 % do importe total da operación.

7.3. As SGR, ou o Igape, poderán cobrar ao cliente en concepto de comisión de aval ata un máximo do 1 % do risco vivo anual.

#### Artigo 8. *Axuda do Igape*

8.1. A axuda do Igape consistirá na bonificación do tipo de xuro nominal das operacións de préstamo acollidas a estas bases e, se é o caso, na compensación do custo da comisión do aval financeiro prestado por unha SGR.

8.1.1. A axuda financeira determinarase do seguinte xeito:

Para as operacións formalizadas sen aval ou con aval dunha SGR:

a) Bonificación do tipo de xuro, de acordo cos seguintes criterios:

- Con carácter xeral, 1,5 puntos porcentuais.
- No caso de proxectos de investimento nos concellos con apoios específicos relacionados no anexo IV, 0,5 puntos porcentuais adicionais.
- No caso de emprendedores, ou proxectos pertencentes ao sector industrial, 0,5 puntos porcentuais adicionais.

b) Compensación da comisión do aval financeiro, se é o caso.

Para as operacións formalizadas con aval do Igape:

a) Bonificación do tipo de xuro, de acordo cos seguintes criterios:

- Con carácter xeral, 0,5 puntos porcentuais.
- No caso de proxectos de investimento nos concellos con apoios específicos relacionados no anexo IV e concellos fronteirizos, 0,5 puntos porcentuais adicionais.





8.2. Terán a consideración de emprendedores, de acordo coa Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, as persoas físicas e xurídicas que se encontren realizando unha actividade empresarial ou profesional con ata corenta e dous meses de antigüidade ou ben os trámites previos para poder desenvolver unha actividade económica. O dito prazo computarase desde a data de formalización do préstamo.

8.3. A axuda financeira que se conceda, tanto a bonificación ao tipo de xuro como, se é o caso, a compensación da comisión de aval da SGR, coas limitacións establecidas no artigo 5.1, calcularase do seguinte xeito:

a) Calcularanse os valores absolutos das bonificacións a percibir durante o período teórico de vixencia do préstamo, incluído, se é o caso, o período de carencia. Para os efectos de excluír o IVE, tomarase coma base para o cálculo o 75 % da operación formalizada e coma base da liquidación o ano comercial (360 días).

b) Actualizaranse os valores absolutos obtidos anteriormente, utilizando como taxa de actualización o tipo de xuro legal do diñeiro correspondente ao ano da formalización da operación financeira.

c) No caso de que a operación fose formalizada a un prazo superior a 7 anos, a bonificación e a compensación da comisión de aval da SGR, calcularase de xeito teórico, coma se fose a 7 anos, incluída a carencia.

d) O importe resultante da axuda destinarase á amortización anticipada do principal do préstamo e non poderá a entidade financeira cobrar comisión ningunha pola dita amortización.

8.4. No suposto de que o tipo de xuro alcanzase niveis inferiores aos puntos de bonificación, a axuda do Igape limitaríase ao tipo de xuro establecido para a vixencia da operación, ou ben para o primeiro período, no caso de operacións a tipo de xuro variable. É dicir, o tipo de xuro resultante, tras a bonificación de xuros non poderá ser inferior a cero.

#### Artigo 9. *Compatibilidade e límite de axuda*

9.1. A concesión das axudas queda supeditada ao cumprimento da normativa vixente e, en especial, á da Unión Europea. Neses termos, serán compatibles con calquera outra



axuda pública ou privada, pero en ningún caso, illadamente ou en concorrencia con outras, poderán superar os límites máximos de intensidade de axuda establecidos pola Unión Europea para as axudas *de minimis*; isto é, de xeito xeral as axudas *de minimis* totais que se concedan a unha mesma empresa non poderán superar 200.000 euros durante calquera período de tres exercicios fiscais; para as empresas do sector transporte de mercadorías por estrada este límite redúcese a 100.000 euros. Para as empresas do sector da pesca, as axudas *de minimis* totais que se concedan a unha mesma empresa non poderán superar 30.000 euros durante calquera período de tres exercicios fiscais. Para as empresas do sector agrícola, o límite *de minimis* redúcese a 15.000 euros durante calquera período de tres exercicios.

As axudas *de minimis* non se acumularán con ningunha axuda estatal en relación cos mesmos gastos subvencionables se a dita acumulación excedese da intensidade de axuda fixada por un regulamento de exención por categorías.

9.2. Cando o importe de axuda que se vai conceder con suxeición a estas bases supere o límite máximo global, o dito importe de axuda reducirase na parte que proceda.

9.3. A obtención doutras axudas ou subvencións deberá comunicarse ao Instituto Galego de Promoción Económica tan axiña como se coñeza e, en todo caso, no momento en que se presente documentación xustificativa do proxecto realizado. En todo caso, antes de conceder a axuda, solicitarase da empresa unha declaración escrita ou en soporte electrónico, das axudas recibidas en réxime *de minimis* nos derradeiros tres exercicios. O incumprimento do disposto neste artigo considerárase unha alteración das condicións tidas en conta para a concesión da axuda e poderá dar lugar a un procedemento de reintegro.

#### Artigo 10. *Consentimentos e autorizacións*

10.1. A presentación da solicitude implica o coñecemento e a aceptación destas bases reguladoras.

10.2. A tramitación do procedemento require a verificación de datos en poder das administracións públicas. Polo tanto, os formularios de solicitude incluírán autorizacións expresas ao órgano xestor para realizar as comprobacións oportunas que acrediten a veracidade dos datos. No caso de que non se autorice o órgano xestor para realizar esta operación, deberán achegarse os documentos comprobantes dos datos nos termos exixidos polas normas reguladoras do procedemento.



10.3. As solicitudes das persoas interesadas deberán achegar os documentos ou informacións previstos nestas bases reguladoras, salvo que estes xa estivesen en poder do Igape; neste caso, as persoas interesadas poderán acollerse ao establecido no artigo 35.f) da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, sempre que se faga constar a data e o órgano ou a dependencia nos que foron presentados ou, se é o caso, emitidos, e cando non transcorresen máis de cinco anos desde a finalización do procedemento ao que correspondan.

Nos supostos de imposibilidade material de obter o documento, o órgano competente poderá requirirlle á persoa solicitante ou representante a súa presentación ou, no seu defecto, a acreditación por outros medios dos requisitos a que se refire o documento, con anterioridade á formulación da proposta de resolución.

10.4. De conformidade co artigo 13.4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, e co previsto no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, o Igape publicará na súa páxina web oficial a relación das persoas beneficiarias e o importe das axudas concedidas. Incluirá, igualmente, as referidas axudas e as sancións que, como consecuencia delas, puidesen impoñerse nos correspondentes rexistros públicos, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos das persoas beneficiarias e a referida publicidade.

#### Artigo 11. *Tramitación das solicitudes de axuda ante o Igape*

11.1. De acordo coas características do programa de axuda, o procedemento de concesión tramitarase en concorrencia non competitiva. As solicitudes de axuda resolveranse por orde de entrada das solicitudes completas no Igape, e ata esgotarse as dispoñibilidades orzamentarias aprobadas.

#### 11.2. Presentación das solicitudes de axuda.

11.2.1. Dentro do prazo establecido na convocatoria, para presentar a solicitude de axuda o interesado deberá cubrir previamente un formulario descritivo da empresa, do proxecto e da operación financeira a través da aplicación establecida no enderezo da internet <http://www.tramita.igape.es>.



Co fin de prestar asistencia para cubrir o formulario, o Igape pon á disposición do interesado o seu servizo de asistencia técnica, a través do mencionado enderezo da internet ou dos números de teléfono 900 81 51 51 ou 981 54 11 47. Desde este servizo poderá accederse á aplicación informática e cubrir o formulario e xerar o IDE identificativo, no caso de que o solicitante non dispoña dun acceso directo á internet. Tamén se poderá recibir asistencia na propia entidade de crédito colaboradora.

Deberanse cubrir necesariamente todos os campos do formulario establecidos como obrigatorios, tras o cal a aplicación emitirá un identificador de documento electrónico (IDE) que identificará univocamente a solicitude de axuda. Este IDE estará composto de 40 caracteres alfanuméricos e obterase mediante o algoritmo estándar de extractado «SHA-1 160 bits» a partir do documento electrónico xerado pola aplicación informática citada anteriormente.

11.2.2. As solicitudes de axuda presentaranse mediante o formulario normalizado que se obterá de xeito obrigatorio na citada aplicación informática e que se xunta como anexo I a estas bases a título informativo e que deberá asinar o solicitante. No formulario será obrigatorio a inclusión dos 40 caracteres alfanuméricos do IDE obtido no paso anterior. As solicitudes que carezan do IDE ou nas cales este sexa erróneo (sexa porque ten un formato erróneo ou porque non foi xerado pola aplicación informática) non serán tramitadas, concedéndolles aos solicitantes un prazo de 10 días para a súa emenda, transcorrido o cal se lles terá desistidos da súa petición, logo de resolución de arquivo.

11.2.3. Xunto co formulario de solicitude, deberá presentarse a seguinte documentación:

- Póliza da operación financeira formalizada.

De acordo co disposto no artigo 35.f) da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e o artigo 20.3 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, non será necesario presentar a documentación que xa se atope en poder do Igape, sempre que se manteña vixente e se identifique no formulario de solicitude o procedemento administrativo para o que foi presentada. No suposto de imposibilidade material de obter a documentación ou, no caso de que se constate a non validez desta, o órgano competente poderá requirirlle ao solicitante a súa presentación ou, no seu defecto, a acreditación por outros medios dos requisitos a que se refire o documento.



11.2.4. Unha vez xerada a solicitude deberá presentarse preferiblemente por vía electrónica a través do formulario de solicitude normalizado co IDE (anexo I), accesible desde a sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.es>, de acordo co establecido nos artigos 27 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso dos cidadáns ao servizo público e 24 do Decreto 198/2010, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes.

Alternativamente, unha vez xerada a solicitude, tamén se poderá presentar en soporte papel no rexistro xeral dos servizos centrais do Igape, nas oficinas territoriais do Igape ou por calquera dos medios establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, utilizando o formulario de solicitude normalizado (anexo I) co IDE, xunto coa copia simple da póliza. No formulario de solicitude inclúese unha declaración responsable da persoa que asina a solicitude de que as copias constitúen unha reprodución exacta dos orixinais, os cales lle poderán ser requiridos polo Igape.

Na presentación electrónica, de conformidade co artigo 35.2 da Lei 11/2007, os interesados deberán achegar coa solicitude a copia dixitalizada da dita póliza, responsabilizándose e garantindo a persoa que asina a solicitude a fidelidade do dito documento co orixinal mediante o emprego da súa sinatura electrónica. O Igape poderá requirir ao interesado a exhibición do documento ou da información orixinal. A achega de tal copia implica a autorización para que a Administración acceda e trate a información persoal contida en tal documento.

Para achegar xunto co formulario de solicitude os documentos en formato electrónico o solicitante deberá previamente dixitalizar os documentos orixinais e obterá arquivos en formato PDF. A aplicación informática permitirá anexar estes arquivos en formato PDF sempre que cada arquivo individual non supere os 4 MB. No caso de que un documento PDF ocupe máis do dito tamaño, deberá xerarse con menor tamaño. Calquera outro formato de arquivo distinto do PDF non será aceptado pola aplicación informática nin será considerado como documentación presentada.

Os solicitantes por esta vía telemática deberán reunir os seguintes requisitos:

a) Será necesario que o asinante da solicitude teña a representación legal da empresa ou entidade solicitante. Esta representación deberá ser individual ou solidaria, de xeito que coa súa sinatura abonde para acreditar a vontade do solicitante.



b) O asinante deberá posuír un certificado dixital en vigor baixo a norma X.509 V3 válido tal e como especifica a Orde do 25 de novembro de 2004, da Consellería de Economía e Facenda, pola que se establecen as normas específicas sobre o uso da sinatura electrónica nas relacións por medios electrónicos, informáticos e telemáticos coa Consellería de Facenda e os seus organismos e entidades adscritas (DOG núm. 239, do 10 de decembro de 2004). Os certificados de clase 2 CA emitidos pola Fábrica Nacional de Moeda e Timbre-Real Casa da Moeda serán válidos para efectos de presentación de solicitudes. Se o certificado corresponde a unha persoa física, a súa representación acreditarase documentalmente ao longo da tramitación do expediente.

c) A presentación ante o Rexistro Electrónico da Xunta de Galicia admite a sinatura da solicitude por parte dun único solicitante. No caso de que deba ser asinada por máis dun solicitante (por exemplo solicitudes con dous asinantes, representación mancomunada, etc.), deberá necesariamente anexar un documento en que se deixe constancia de que todos os asinantes autorizan un deles para presentar a solicitude. Este documento realizárase en papel con sinaturas manuscritas e deberá ser escaneado a formato PDF para ser anexado.

d) Unha vez asinada a instancia de solicitude co IDE, mediante certificación dixital do presentador, e transferidos estes ao Igape, procederáse á anotación dunha entrada no Rexistro Electrónico da Xunta de Galicia.

e) No momento da presentación o rexistro expedirá, empregando as características da aplicación telemática, un recibo no que quedará constancia do feito da presentación.

f) Os interesados que cumpran os requisitos do punto b) anterior, tamén poderán empregar a vía telemática para a recepción de notificacións do Igape e para o envío de escritos ao órgano xestor da axuda. Para a recepción de notificacións será preceptivo que o solicitante teña indicado no formulario a súa preferencia polo emprego da notificación telemática neste procedemento de axudas. Neste caso o solicitante deberá acceder á web do Igape no enlace tramitación telemática, para recibir as notificacións. O sistema solicitará do interesado o seu certificado dixital en vigor, e a sinatura electrónica dun xustificante de recepción das notificacións (xustificante de recepción telemático). Os efectos destas notificacións serán os establecidos na Lei 11/2007, do 22 de xuño (BOE núm. 150, do 23 de xuño).



11.2.5. Os solicitantes poderán obter en todo momento un xustificante da recepción por parte do Igape dos termos da súa solicitude contidos no formulario. Deberano solicitar no enderezo de correo electrónico: [informa@igape.es](mailto:informa@igape.es), indicando os 40 caracteres do IDE e o enderezo de correo electrónico no que desexan recibir o xustificante. Dentro do prazo de presentación de solicitudes poderán modificarse os termos da solicitude inicial, utilizando para isto a aplicación informática para xerar un formulario modificado, cuxo IDE será de obrigatoria inclusión no escrito de comunicación ao Igape das ditas modificacións. Para efectos de prioridade na resolución terase en conta a data de presentación da solicitude modificada.

As entidades financeiras e SGR, se é o caso, poderán consultar a situación das solicitudes a través da extranet de entidades colaboradoras.

11.2.6. A sede electrónica da Xunta de Galicia ten á disposición das persoas interesadas unha serie de modelos normalizados dos trámites máis comunmente utilizados na tramitación administrativa, que poderán ser presentados en calquera dos lugares e rexistros establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

11.2.7. Dentro dos dez días seguintes á presentación das solicitudes no rexistro, o Igape comunicaralles aos solicitantes a data na que as solicitudes foron presentadas, o número de expediente asignado, o prazo máximo establecido para a resolución e notificación do procedemento (3 meses desde a data da presentación da solicitude no Igape) e os efectos do silencio administrativo (negativo).

11.2.8. Se a solicitude non reúne os datos exixidos nestas bases, requirirase ao solicitante para que no prazo de dez días hábiles desde o seguinte ao requirimento se emende a falta, con indicación de que, en caso contrario, se considerará ao interesado desistido da solicitude, logo de resolución declarativa de tal circunstancia.

11.2.9. Nos casos nos que o Igape o considere necesario, e para os efectos da resolución da solicitude, solicitarase informe á consellería sectorial correspondente, en relación ao cumprimento por parte dos proxectos da normativa específica que resulte aplicable.

11.2.10. Instruído o procedemento pola Área de Financiamento do Igape e inmediatamente antes de redactar proposta de resolución, porase de manifesto aos interesados



mediante trámite de audiencia, para que no prazo de 10 días, poidan alegar e presentar os documentos e xustificacións pertinentes. Non obstante, poderá prescindirse do trámite de audiencia cando non figuren no procedemento nin se teñan en conta na resolución outros feitos, alegacións ou probas que as aducidas polos interesados.

#### Artigo 12. *Resolución*

Unha vez rematada a instrución e formalizado, se é o caso, o trámite de audiencia, a Dirección da Área de Financiamento do Igape elevará proposta de resolución ao director xeral do Igape, quen resolverá por delegación do Consello de Dirección, e incluírá os termos que se expresan a seguir:

O importe e destino do préstamo bonificado, o prazo de vixencia e, se é o caso, a carencia, o tipo de xuro da operación, os puntos e o importe da bonificación e a compensación da comisión de aval, no caso das operacións avaladas por unha SGR.

As resolucións de denegación de solicitudes deberán detallar a causa.

#### Artigo 13. *Notificación, silencio administrativo e recursos*

13.1. O Igape notificará ao solicitante e comunicará á entidade de crédito e SGR, se é o caso, a concesión ou denegación da bonificación, de acordo co establecido no artigo 24 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.

Transcorridos 10 días hábiles a partir do seguinte ao da notificación da resolución sen que o interesado comunique expresamente a súa renuncia á operación, entenderase que a acepta, e desde ese momento adquirirá a condición de beneficiario. A aceptación por parte do interesado suporá a obriga de cumprir as condicións establecidas na resolución, nas bases reguladoras da axuda e nas demais disposicións legais e regulamentarias que sexan de aplicación. A renuncia poderase facer por calquera medio que permita a súa constancia, de acordo co establecido no artigo 91 da Lei 30/1992. No caso de que o beneficiario renunciase ás axudas unha vez percibidas, procederase conforme o artigo 38 da Lei de subvencións de Galicia.

13.2. O prazo máximo para notificar a resolución do procedemento será de 3 meses desde a data de presentación da solicitude da axuda no Igape. O dito prazo poderá ser suspendido nos supostos establecidos no artigo 42.5 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.





Transcorrido o tal prazo sen que se notificase resolución expresa, poderá entenderse desestimada.

13.3. Contra a resolución, que esgota a vía administrativa, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ante os xulgados do contencioso-administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses desde a súa notificación, se fose expresa, ou no prazo de seis meses contados a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto. Potestativamente, poderá interpoñerse recurso de reposición ante o director xeral do Igape, por delegación do Consello de Dirección do Igape, no prazo dun mes desde a súa notificación, se fose expresa, ou no prazo de tres meses contados a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto, segundo o disposto nos artigos 116 e 117 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

#### Artigo 14. *Publicación*

14.1. De conformidade co previsto no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, o Igape e a Consellería de Economía e Industria incluírán as axudas concedidas ao abeiro destas bases e as sancións, que como consecuencia delas puidesen impoñerse, nos correspondentes rexistros públicos, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos persoais dos beneficiarios e a súa remisión ás entidades financeiras e sociedades de garantía recíprocas para os efectos da formalización da operación, e a referida publicidade.

14.2. De acordo co artigo 13.4 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega e co artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Igape publicará as axudas concedidas ao abeiro destas bases na páxina web do Igape, [www.igape.es](http://www.igape.es) e no *Diario Oficial de Galicia* expresando a norma reguladora, beneficiario, crédito orzamentario, contía e finalidade da axuda, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos do beneficiario e da súa publicación nos citados medios. A publicación no *Diario Oficial de Galicia* debe realizarse no prazo máximo de tres meses contados desde a data de resolución das concesións, non obstante, cando os importes das axudas concedidas, individualmente consideradas, sexan de contía inferior a 3.000 euros, non será necesaria a publicación no *Diario Oficial de Galicia*, que será substituída pola publicación das axudas concedidas na páxina web do Instituto Galego de Promoción Económica.



14.3. De acordo co establecido no artigo 5 do Real decreto 1149/2011, do 29 de xullo, polo que se establece e regula o rexistro español de axudas *de minimis* no sector pesqueiro (BOE núm. 223, do 16 de setembro), no caso de que o beneficiario sexa unha empresa do sector pesqueiro, o Igape publicará a axuda concedida ao abeiro destas bases no citado rexistro expresando a información a que se fai referencia no anexo I deste real decreto.

#### Artigo 15. *Xustificación e pagamento da axuda*

15.1. Para facer efectivo o pagamento da axuda, o beneficiario deberá presentar a solicitude de cobramento, no prazo máximo de 1 mes desde a data de remate do período de execución, sinalado na resolución de concesión.

15.2. Para iso, deberá cubrir previamente o formulario de liquidación a través da aplicación informática establecida no enderezo da internet <http://www.tramita.igape.es>.

Co fin de prestar asistencia para cubrir o formulario, o Igape pon á disposición dos interesados o seu servizo de asistencia técnica, a través dos números de teléfono 900 81 51 51 ou 981 54 11 47, ou os que en cada momento se establezan para esta finalidade. Desde este servizo poderá accederse á aplicación informática e cubrir o formulario e xerar o IDEL identificativo, no caso de que o solicitante non dispoña dun acceso directo á internet.

Deberán cubrirse necesariamente todos os campos do formulario establecidos como obrigatorios, tras o cal a aplicación emitirá un identificador de documento electrónico de liquidación (IDEL) que identificará univocamente a solicitude de cobramento. Este IDEL estará composto de 40 caracteres alfanuméricos e obterase mediante o algoritmo estándar de extractado SHA-1 160 bits a partir do documento electrónico xerado pola aplicación citada anteriormente.

15.3. A solicitude de cobramento presentarase mediante o formulario normalizado que a título informativo figura como anexo III a estas bases, no cal será obrigatorio a inclusión dos 40 caracteres alfanuméricos do IDEL obtido no paso anterior. As solicitudes de cobramento que carezan do IDEL ou nas que este sexa erróneo (sexo porque ten un formato erróneo ou porque non foi xerado pola aplicación informática) poderán dar lugar ao inicio do expediente de incumprimento no caso de non seren corrixidas, previo requirimento realizado para o efecto.



15.4. Unha vez xerada a solicitude de cobramento, deberá presentarse preferiblemente por vía electrónica a través do formulario de solicitude de cobramento normalizado co IDEL (anexo III), accesible desde a sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.es>, de acordo co establecido nos artigos 27 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso dos cidadáns ao servizos públicos e 24 do Decreto 198/2010, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes e sempre que o solicitante cumpra os requisitos previstos no anterior artigo 11.2.4 das bases reguladoras.

Alternativamente, unha vez xerada a solicitude de cobramento, tamén se poderá presentar en soporte papel no rexistro xeral dos servizos centrais do Igape, nas oficinas territoriais do Igape ou por calquera dos medios establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común utilizando o formulario de solicitude de cobramento normalizado (anexo III) co IDEL, acompañado da documentación establecida no artigo 15.5, en orixinal ou copia cotexada.

Na presentación por vía electrónica, de conformidade co artigo 35.2 da Lei 11/2007, o beneficiario deberá achegar coa solicitude de cobramento as copias dixitalizadas dos documentos relacionados no artigo 15.5, responsabilizándose e garantindo a persoa que asina a solicitude a fidelidade dos ditos documentos co orixinal mediante o emprego da súa sinatura electrónica. O Igape poderá requirirle ao beneficiario a exhibición do documento ou da información orixinal. A achega de tales copias implica a autorización para que a Administración acceda e trate a información persoal contida en tales documentos.

15.5. Acompañando a dita solicitude deberá presentar a seguinte documentación:

a) No caso de axudas concedidas por importe inferior a 30.000 €, o beneficiario poderá acollerse ao sistema de conta xustificativa simplificada establecida no artigo 51 do Decreto 11/2009, que regulamenta a Lei de subvencións de Galicia, indicando no formulario de liquidación os datos necesarios para a súa composición, sendo os mesmos campos obrigatorios do dito formulario. O Igape ou a súa entidade colaboradora poderá requirirle ao beneficiario a remisión dos xustificantes de gastos seleccionados con base en técnicas de mostraxe, comprobándose para estes efectos polo Igape un mínimo do 10 % dos expedientes con axudas aprobadas por importe ata 6.000 €, e un mínimo do 20 % dos expedientes con axudas aprobadas por importe superior a 6.000 € e ata 30.000 €.



Porén, cando das comprobacións realizadas non se acade a evidencia razoable sobre a adecuada aplicación da axuda, o Igape procederá a requirirille aos beneficiarios a totalidade dos documentos xustificativos.

b) No caso de axudas concedidas por importe igual ou superior a 30.000 €, deberán presentar os documentos que xustifiquen a realización do investimento financiado co préstamo e os pagamentos realizados. Só se admitirán xustificantes de pagamentos en efectivo para importes inferiores aos 1.000 € por provedor.

No caso de que a solicitude de cobramento non se presentase en prazo ou a xustificación fose incorrecta, requirirase o beneficiario para que corrixa os erros ou defectos observados no prazo de 10 días. A falta de presentación da xustificación no prazo improrrogable establecido comportará a perda do dereito ao cobramento total ou parcial da axuda, a exixencia do reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei de subvencións de Galicia, segundo o disposto no artigo 45.2 do seu Regulamento. A presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá o beneficiario das sancións que, conforme a lei, correspondan.

15.6. O Igape revisará a documentación xustificativa e poderalle solicitar ao beneficiario, á entidade de crédito ou, se é o caso, á SGR calquera documentación e información adicional que considere oportuno para os efectos dunha correcta análise da xustificación da realización do proxecto.

15.7. Nas subvencións de capital superiores a 60.000 euros, no seu cómputo individual, destinadas a investimentos en activos tanxibles, será de aplicación o establecido no artigo 60.2º do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei de subvencións de Galicia.

De conformidade co disposto no punto 2 do artigo 4 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os beneficiarios quedan excluídos das obrigas de xustificación previstas nos artigos 28.7, 29.3 e 29.4 da dita lei.

15.8. Unha vez verificada a documentación achegada, o Igape procederá ao pagamento da axuda financeira a través da entidade financeira prestamista. A axuda terá que destinarse á amortización anticipada do principal da operación, polo que, unha vez aplicada, a entidade financeira ou o titular deberá presentar no Igape, no prazo de 30 días, certificación acreditativa da amortización do principal, na contía aboada.



En calquera caso, o réxime de pagamento deberá cumprir o establecido no artigo 31 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

15.9. Cando o beneficiario da axuda poña de manifesto na xustificación que se produciron alteracións das condicións tidas en conta para a concesión desta que non alteren esencialmente a natureza ou os obxectivos da axuda, e que puidesen dar lugar á modificación da resolución conforme o artigo 16 destas bases, despois de omitirse o trámite de autorización administrativa previa para a súa aprobación, o órgano concedente da axuda poderá aceptar a xustificación presentada, sempre e cando tal aceptación non supoña danar dereitos de terceiros.

A aceptación das alteracións por parte do Igape no acto de comprobación non exime o beneficiario das sancións que poidan corresponderlle conforme a Lei de subvencións de Galicia.

#### Artigo 16. *Modificacións*

16.1. O beneficiario queda obrigado a comunicarlle ao Igape calquera circunstancia ou eventualidade que poida afectar substancialmente a execución dos fins para os que foi concedida a axuda. En particular, deberá remitir unha declaración complementaria das axudas recibidas para a mesma operación no momento en que sexa comunicada calquera concesión e sempre coa presentación da solicitude de cobramento.

16.2. O beneficiario da axuda poderá solicitar, motivadamente, a modificación da resolución, durante o período establecido na resolución de concesión para a execución do proxecto. No caso de que a modificación afecte os datos declarados no formulario, deberá cubrir previamente un novo formulario na aplicación informática e obter un novo código IDE. Este IDE incluírase na solicitude de modificación que se dirixirá ao director do Instituto Galego de Promoción Económica.

16.3. O director xeral do Igape, por delegación do Consello de Dirección do Igape, poderá acordar as modificacións do proxecto relativas ao importe e titularidade, tidas en conta para a concesión da axuda, sempre que non prexudique a terceiros, e os novos elementos ou circunstancias que motiven a modificación, de ter concorrido na concesión inicial, non supuxesen a denegación da axuda. No caso de operacións con fondos do ICO, deberá ser autorizado previamente polo ICO.



O cambio de beneficiario deberá acreditarse documentalmente así coma a subrogación na totalidade dos dereitos e obrigas derivados da operación bonificada. Presentarase a solicitude asinada polo novo titular, xunto co consentimento do anterior beneficiario.

En ningún caso a resolución de modificación implicará aumentar a contía da axuda inicialmente aprobada.

16.4. A obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión, ou a súa revogación, no caso de que os ditos cambios supoñan o incumprimento dos requisitos establecidos para os proxectos ou beneficiario.

16.5. O Igape poderá rectificar de oficio a resolución cando dos elementos que figuren nela se deduza a existencia dun erro material, de feito ou aritmético.

#### Artigo 17. *Incumprimentos, reintegros e sancións*

17.1. Producirase a perda do dereito ao cobramento total ou parcial da axuda no suposto de falta de xustificación do cumprimento do proxecto, das condicións impostas na resolución de concesión, das obrigas contidas nestas bases reguladoras, das obrigas contidas no artigo 33 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, ou na demais normativa aplicable, o que dará lugar, se é o caso, á obriga de devolver total ou parcialmente a axuda percibida, así como os xuros de demora correspondentes.

17.2. Incumprimento parcial: sempre que se cumpran os requisitos ou condicións esenciais tomadas en conta na concesión das axudas, o Igape poderá apreciar un incumprimento parcial, debendo resolver sobre o seu alcance, aplicando a mesma ponderación que tivese a condición incumplida na resolución de concesión e, se e o caso, establecendo a obriga de reintegro cos seguintes criterios:

a) No caso de condicións referentes á contía ou conceptos da base de cálculo da axuda o alcance do incumprimento determinarase proporcionalmente aos conceptos deixados de practicar ou aplicados a outros distintos dos considerados inicialmente, debendo, se é o caso, reintegrarse as cantidades percibidas na dita proporción. Con carácter xeral, se o incumprimento superase o 50 % do proxecto financiado, entenderase que o dito incumprimento é total, debendo reintegrarse todas as cantidades percibidas e os seus xuros de demora.



b) No caso de incumprimento doutras condicións, o seu alcance será determinado en función do grao e entidade da condición incumplida, de acordo coa seguinte graduación:

- Non lle comunicar ao Igape a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien o proxecto financiado así como a modificación das circunstancias que fundamentaran a concesión da axuda, suporá a perda dun 20 % da axuda concedida.

- Non manter os investimentos obxecto da axuda durante o período establecido, suporá a perda da axuda correspondente ao activo non mantido, nunha porcentaxe equivalente ao tempo non cumprido.

- Non manter a vixencia do préstamo bonificado durante o período inicialmente establecido na escritura de formalización, suporá o reintegro do importe correspondente á seguinte graduación:

- Se se amortizase totalmente o préstamo durante o primeiro cuarto da vida do préstamo suporía a devolución do 90 % da axuda.
- Se se amortizase totalmente o préstamo durante o segundo cuarto da vida do préstamo suporía a devolución do 40 % da axuda.
- Se se amortizase totalmente o préstamo durante o terceiro cuarto da vida do préstamo suporía a devolución do 20 % da axuda.
- Se se amortizase totalmente o préstamo durante o último cuarto da vida do préstamo ou despois do sétimo ano, non suporía a devolución de contía algunha da axuda.
- No caso de amortización parcial, aplicaranse as porcentaxes anteriores de xeito proporcional ao importe do préstamo cancelado.

### 17.3. Incumprimento total:

- Obter a axuda sen reunir as condicións requiridas.
- Cando non se xustifique ante o Igape o cumprimento dos requisitos e condicións da axuda, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión ou desfrute desta.



• Cando non permitan someterse ás actuacións de comprobación que efectúe o Igape, así como calquera outra actuación, sexa de comprobación e control financeiro, que poidan realizar os órganos de control competentes, nomeadamente a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas ou Consello de Contas.

17.4. O procedemento para declarar o incumprimento e reintegro de cantidades axustarase ao disposto nos capítulos I e II do título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, sendo competente para a súa resolución o director xeral do Igape. Contra a súa resolución caberá recurso contencioso-administrativo antes os xulgados do contencioso-administrativo de Santiago de Compostela nos dous meses seguintes á súa notificación e potestativamente, recurso de reposición ante o director xeral do Igape no mes seguinte ao da súa notificación.

17.5. Sen prexuízo do establecido nos puntos anteriores, os beneficiarios sométense ao réxime de infraccións e sancións establecido no título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

#### Artigo 18. *Control*

18.1. Os beneficiarios e as entidades colaboradoras quedan obrigados a someterse ás actuacións de control que efectúe o Igape para verificar a aplicación das axudas ás finalidades aprobadas e o cumprimento dos requisitos e condicións establecidos, así como ás de control financeiro que corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, e ás previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas, debendo facilitar toda a información requirida polos citados organismos.

#### Artigo 19. *Adhesión mediante convenio con entidades colaboradoras*

19.1. Para a xestión das axudas, o Igape formalizará coas entidades financeiras e sociedades de garantía recíproca un convenio de colaboración.

19.2. O Igape convidará a adherirse ao convenio de colaboración no que se regulen os compromisos das partes, a todas aquelas entidades que cumpran os seguintes requisitos:

• Que teñan acreditada a súa solvencia. Entenderase acreditada polo feito de ter subscrito o contrato de financiamento co Instituto de Crédito Oficial, mediante o cal se lles autoriza para a xestión dos fondos, que a axencia financeira do Estado, canaliza as pemes mediante a fórmula de mediación a través das entidades de crédito.





- Que presenten declaración responsable do cumprimento dos requisitos establecidos para obter a condición de entidade colaboradora no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, asumindo as obrigas do artigo 12 do citado texto legal.

### 19.3. Formalización da adhesión ao convenio de novas entidades colaboradoras.

As entidades que, cumprindo as anteriores condicións, non fosen invitadas poderán instar a súa adhesión ante o Igape. A adhesión formalizarase mediante a sinatura, por apoderado con facultades bastantes, da declaración que se xunta como anexo V a estas bases. O Igape daralles conta ao resto das entidades adheridas da existencia de cada novo partícipe no convenio.

### 19.4. Non se prevé a constitución de garantía por parte das entidades colaboradoras.

19.5. As entidades colaboradoras adheridas ao convenio relaciónanse no anexo VI a estas bases. A incorporación de novas entidades tamén será obxecto de publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

### Artigo 20. *Datos de carácter persoal*

De conformidade coa Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, os datos persoais recollidos na tramitación destas bases reguladoras, cuxo tratamento e publicación sexa autorizado polas persoas interesadas mediante a presentación das solicitudes, serán incluídos nun ficheiro denominado «Beneficiarios-Terceros», cuxo obxecto, entre outras finalidades, é xestionar estas bases reguladoras, así como para informar as persoas interesadas sobre o seu desenvolvemento. O órgano responsable deste ficheiro é o Igape, quen, no ámbito das súas respectivas competencias, cederá os datos á Consellería de Economía e Industria para a resolución do expediente administrativo, así como aos outros órganos especificados nestas mesmas bases reguladoras para a súa tramitación. O solicitante faise responsable da veracidade de todos eles e declara ter o consentimento das terceiras persoas cuxos datos poidan ser necesarios achegar. Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición poderanse exercer ante o Igape, mediante unha comunicación ao seguinte enderezo: Complexo Administrativo San Lázaro s/n, 15703 de Santiago de Compostela, ou a través dun correo electrónico a: [lopd@igape.es](mailto:lopd@igape.es).



Artigo 21. *Remisión normativa*

20.1. Para todo o non previsto nestas bases aplicarase o previsto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento; no Regulamento (UE) nº 1407/2013 da Comisión, do 18 de decembro de 2013, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas *de minimis* (DOUE L 352, do 24 de decembro de 2013), Regulamento (CE) nº 717/2014 da Comisión, do 27 de xuño de 2014, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da UE ás axudas *de minimis* no sector da pesca e da acuicultura (DOUE L 190, do 28 de xuño de 2014) e Regulamento 1408/2013, do 18 de decembro, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas *de minimis* no sector agrícola (DOUE L 352, do 24 de decembro de 2013), no contrato de financiamento suscrito entre o Instituto de Crédito Oficial e as entidades de crédito (liñas ICO 2015 ) e no resto da normativa que resulte de aplicación.

En canto ao cómputo de prazos, haberá que atermose ao disposto no artigo 48 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.





ANEXO I

PROCEDIMENTO <b>AXUDAS PARA A BONIFICACIÓN DOS CUSTOS DO FINANCIAMENTO DAS PEMES DE GALICIA, TITULARES DE PRÉSTAMOS SUPERIORES A 25.000 € (PROGRAMA DE APOIO FINANCEIRO ÁS PEMES)</b>	CÓDIGO DO PROCEDIMENTO <b>IG523A</b>	DOCUMENTO <b>SOLICITUDE</b>
--	---	--------------------------------

**DATOS DA PERSOA SOLICITANTE**

NOME E APELIDOS/RAZÓN SOCIAL  NIF

TIPO DE VÍA  NOME DA VÍA  NÚMERO  BLOQUE  ANDAR  PORTA

CP  PROVINCIA  CONCELLO  LOCALIDADE

TELÉFONO  FAX  CORREO ELECTRÓNICO

ACTIVIDADE

**E, NA SÚA REPRESENTACIÓN** (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)

NOME  PRIMEIRO APELIDO  SEGUNDO APELIDO  NIF

**NOTIFICACIÓNS POR VÍA TELEMÁTICA**

Solicito que as notificacións do Igape acerca deste expediente se efectúen por vía telemática.

(Para utilizar esta opción debe dispor de certificado dixital que cumpra o especificado nas bases desta convocatoria. O Igape enviará un aviso ao enderezo de correo indicado e o asinante da solicitude deberá recoller a notificación formal no enderezo da internet: <http://tramita.igape.es>, logo de identificación mediante certificado).

**SOLICITUDE PARA**

IG204 - Axudas para a bonificación dos custos do financiamento das pemes de Galicia, titulares de préstamos superiores a 25.000 € (Programa de apoio financeiro ás pemes)

**A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA**

1. Que obtivo nos servizos web do Igape (<http://tramita.igape.es>) un documento electrónico cuxo identificador de documento electrónico (IDE), obtido da aplicación informática para cubrir solicitudes, e o código de comprobación, debe indicar a continuación, de forma obrigatoria. O contido deste documento forma, para todos os efectos, parte integrante desta solicitude.

IDENTIFICADOR DE DOCUMENTO ELECTRÓNICO (IDE) - 40 DÍXITOS ALFANUMÉRICOS - SHA 1 160 BITS	CÓDIGO DE COMPROBACIÓN
<input type="text"/>	<input type="text"/>

2. (Só no caso de persoas xurídicas) Que a sociedade está legalmente constituída e representada, segundo os seguintes datos:

**ESCRITURA PÚBLICA DE CONSTITUCIÓN DA SOCIEDADE**

ESCRITURA Nº	DATA ESCRITURA	OUTORGADA ANTE O NOTARIO	Nº DE PROTOCOLO	NIF SOCIEDADE	DOMICILIO SOCIAL SOCIEDADE
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

**PODER DE REPRESENTACIÓN**

NOME E APELIDOS DO REPRESENTANTE	PODER Nº	DATA PODER	OUTORGADO ANTE O NOTARIO	Nº PROTOCOLO
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

3. (Só no caso de presentación da solicitude en soporte papel) Que a documentación presentada no expediente en copia simple constitúe unha reprodución exacta dos seus orixinais.

**DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA OU SE DECLARA ESTAR EN PODER DA ADMINISTRACIÓN ACTUANTE**

	PRESENTADO	CÓD. PROC.	EXPTÉ.	ANO
<input type="checkbox"/> Póliza da operación financeira formalizada	<input type="checkbox"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

Autorizo o Igape, de conformidade co artigo 35.f) da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e o artigo 4 da Orde do 12 de xaneiro de 2012 pola que se regula a habilitación de procedementos administrativos e servizos na Administración xeral e no sector público autonómico de Galicia, para consultar a documentación indicada anteriormente.

Así mesmo, declaro que a dita documentación está vixente e que non transcorreron máis de cinco anos desde a finalización do procedemento a que corresponde.

CVE-DOG: g4yngqpn6-lbd3-kh88-lqw3-rfneoxsrmwqk1





XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA  
E INDUSTRIA

ANEXO I  
(continuación)

Autorizo o Igape para consultar os datos de identidade da persoa solicitante no Sistema de verificación de datos de identidade do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, de conformidade co artigo 2 do Decreto 255/2008, do 23 de outubro, e a Orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza do 7 de xullo de 2009.

SI  NON (neste caso achegarase a documentación correspondente)

Autorizo o Igape para consultar os datos do seu expediente (NIF, IAE, escritura de constitución y estatutos, poder do representante) que constan en poder da Administración autonómica, de conformidade co artigo 6.2.b) da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos.

SI  NON (neste caso achegarase a documentación correspondente)

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, infórmase de que os datos persoais que facilite neste formulario quedarán rexistrados nun ficheiro de titularidade da Xunta de Galicia, cuxa finalidade é a xestión e rexistro deste procedemento. A persoa interesada poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante o Igape, como responsable do ficheiro, solicitándoo mediante o envío dun correo electrónico a: [lopca@igape.es](mailto:lopca@igape.es)

LEXISLACIÓN APLICABLE

Resolución do 5 de xuño de 2015 pola que se dá publicidade ao acordo do Consello de Dirección que aproba as bases reguladoras das axudas para a bonificación dos custos do financiamento das pequenas e medianas empresas de Galicia, titulares de préstamos superiores a 25.000 euros, instrumentadas mediante convenio de colaboración entre o Instituto Galego de Promoción Económica (Igape), as entidades financeiras e as sociedades de garantía recíproca, e se procede á súa convocatoria en réxime de concorrencia non competitiva (Programa de apoio financeiro ás pemes).

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

Lugar e data

,  de  de

galicia

igape»

Dirección Xeral do Igape



XUNTA  
DE GALICIA

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia>



**ANEXO II**  
**Actividades incentivables-CNAE 2009**  
**Axudas para a bonificación dos custos do financiamento das pemes de Galicia,**  
**titulares de préstamos superiores a 25.000 € (Programa de apoio financeiro ás**  
**pemes)**

Sección	CNAE	Actividade	Observacións
Agricultura, gandería, silvicultura e pesca	01	Agricultura, gandería, caza e servizos relacionados con estas	Agás 01.15 e 01.70
	02	Silvicultura e explotación forestal	
	03	Pesca e acuicultura	
Industrias extractivas	08	Outras industrias extractivas	
	09	Actividades de apoio ás industrias extractivas	
Industria manufacturera	10	Industria da alimentación	
	11	Fabricación de bebidas	
	13	Industria téxtil	
	14	Confección de roupa de vestir	
	15	Industria do coiro e do calzado	
	16	Industria da madeira e da cortiza, agás mobles; cestería e espartaría	
	17	Industria do papel	
	18	Artes gráficas e reprodución de soportes gravados	
	20	Industria química	
	21	Fabricación de produtos farmacéuticos	
	22	Fabricación de produtos de caucho e plásticos	
23	Fabricación doutros produtos minerais non metálicos		
24	Metalurxia; fabricación de produtos de ferro, aceiro e ferroalixes		
25	Fabricación de produtos metálicos, agás maquinaria e equipo		
26	Fabricación de produtos informáticos, electrónicos e ópticos		
27	Fabricación de material e equipo eléctrico		
28	Fabricación de maquinaria e equipo n.c.o.p		



Sección	CNAE	Actividade	Observacións
	29	Fabricación de vehículos de motor, remolques e semirremolques	
	30	Fabricación doutro material de transporte	
	31	Fabricación de mobles	
	32	Outras industrias manufactureiras	
	33	Reparación e instalación de maquinaria e equipo	
Subministración de auga, actividades de saneamento, xestión de residuos e descontaminación	38	Recollida, tratamento e xestión de residuos; valorización	
	39	Actividades de descontaminación e outros servizos de xestión de residuos	
Construción	43	Actividades de construción especializada	
Comercio	45	Venta e reparación de vehículos de motor e motocicletas	
	47	Comercio polo miúdo, agás vehículos de motor e motocicletas	
Transporte e almacenamento	49	Transporte terrestre e por tubaxe	Agás vehículos de transporte no sector transporte de mercadorías por estrada
	50	Transporte marítimo e por vías navegables interiores	
	51	Transporte aéreo	
	52	Almacenamento e actividades anexas ao transporte	
Hostalaría	55	Servizos de aloxamento	
	56	Servizos de comidas de bebidas	
Información e comunicacións	58	Edición	
	59	Actividades cinematográficas, de vídeo e programas de televisión, gravación de son e edición musical	
	60	Actividades de programación e emisión de radio e televisión	
	61	Telecomunicacións	
	62	Programación, consultaría e outras actividades relacionadas coa informática	
	63	Servizos de información	



Sección	CNAE	Actividade	Observacións
Investigación e desenvolvemento	72	Investigación e desenvolvemento	
	73	Publicidade e estudos de mercado	
	74	Outras actividades profesionais, científicas e técnicas	
	75	Actividades veterinarias	
	77	Actividades de aluguer	
Actividades administrativas e servizos auxiliares	78	Actividades relacionadas co emprego	
	79	Actividades de axencias de viaxes, operadores turísticos, servizos de reservas e actividades relacionadas con estes	
	80	Actividades de seguridade e investigación	
	81	Servizos a edificios e actividades de xardinaría	
	82	Actividades administrativas de oficina e outras actividades auxiliares ás empresas	
	87	Asistencia en establecementos residenciais	
	88	Actividades de servizos sociais sen aloxamento	
	90	Actividades de creación, artísticas e espectáculos	
	91	Actividades de bibliotecas, arquivos, museos e outras actividades culturais	
	93	Actividades deportivas, recreativas e de entretemento	
	95	Reparación de ordenadores, efectos persoais e artigos de uso doméstico	
	96	Outros servizos persoais	





XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA  
E INDUSTRIA

## ANEXO III

## SOLICITUDE DE COBRAMENTO

AXUDAS PARA A BONIFICACIÓN DOS CUSTOS DO FINANCIAMENTO DAS PEMES DE GALICIA, TITULARES DE PRÉSTAMOS SUPERIORES A 25.000 € (PROGRAMA DE APOIO FINANCEIRO ÁS PEMES)

<b>DATOS DA PERSOA SOLICITANTE</b>				
NOME E APELIDOS/RAZÓN SOCIAL				NIF
<input type="text"/>				
TIPO DE VÍA	NOME DA VÍA		NÚMERO BLOQUE	ANDAR PORTA
<input type="text"/>	<input type="text"/>		<input type="text"/>	<input type="text"/>
CP	PROVINCIA	CONCELLO	LOCALIDADE	
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	
TELÉFONO	FAX	CORREO ELECTRÓNICO		
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>		

<b>DATOS ESPECÍFICOS DO ANEXO</b>	
EXPEDIENTE NÚM.	
<input type="text"/>	
DATA RESOLUCIÓN	AXUDA FINANCEIRA CONCEDIDA €
<input type="text"/>	<input type="text"/>

<b>A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA</b>	
Que obtivo nos servizos web do Igape ( <a href="http://tramita.igape.es">http://tramita.igape.es</a> ) un documento electrónico cuxo identificador de documento electrónico de liquidación (IDEL), obtido da aplicación informática para cubrir o formulario de liquidación, e o seu código de comprobación, debe indicar a continuación, de forma obrigatoria. Este IDEL é un código novo, non sendo válido o IDE obtido para a presentación da solicitude de axuda.	
IDENTIFICADOR DE DOCUMENTO ELECTRÓNICO DE LIQUIDACIÓN (IDEL) - 40 DÍGITOS ALFANUMÉRICOS - SHA 1 160 BITS	CÓDIGO DE COMPROBACIÓN
<input type="text"/>	<input type="text"/>

<b>A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE EXPÓN</b>
Que para a tramitación desta solicitude de liquidación de axuda e de acordo coas bases reguladoras destas axudas sobre o procedemento de xustificación, liquidación e pagamento, presenta a documentación establecida no artigo 16.5 das bases reguladoras.

<b>A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE SOLICITA</b>
Que, de acordo coa xustificación achegada, lle sexa aboada a axuda correspondente segundo o establecido no artigo 8 das bases reguladoras da axuda, a través da entidade financeira prestamista.

<b>SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE</b>
Lugar e data
<input type="text"/> , <input type="text"/> de <input type="text"/> de <input type="text"/>

galicia	igape»
---------	--------

Dirección Xeral do Igape



XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia>




ANEXO IV  
**Concellos preferentes**

**Axudas para a bonificación dos custos do financiamento das pemes de Galicia, titulares de préstamos superiores a 25.000 € (Programa de apoio financeiro ás pemes)**

1. Concellos das comarcas de Ferrol, Eume e Ortegal:

A Capela, As Pontes de García Rodríguez, Ares, Cabanas, Cariño, Cedeira, Cerdido, Fene, Ferrol, Mañón, Moeche, Monfero, Mugardos, Narón, Neda, Ortigueira, Pontedeume, San Sadurniño, Somozas, Valdoviño.

2. Concellos da Costa da Morte:

A Laracha, Cabana de Bergantiños, Camariñas, Carballo, Carnota, Cee, Corcubión, Coristanco, Dumbría, Fisterra, Laxe, Malpica de Bergantiños, Mazaricos, Muros, Muxía, Ponteceso, Santa Comba, Vimianzo, Zas.

3. Concellos da provincia de Lugo.

4. Concellos da provincia de Ourense.





XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA  
E INDUSTRIA

## ANEXO V

## SOLICITUDE DE ADHESIÓN AO CONVENIO

## AXUDAS PARA A BONIFICACIÓN DOS CUSTOS DO FINANCIAMENTO DAS PEMES DE GALICIA, TITULARES DE PRÉSTAMOS SUPERIORES A 25.000 € (PROGRAMA DE APOIO FINANCEIRO ÁS PEMES)

## DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE

RAZÓN SOCIAL

NIF

## E, NA SÚA REPRESENTACIÓN

NOME

PRIMEIRO APELIDO

SEGUNDO APELIDO

NIF

## DECLARA:

- Coñecer os termos e condicións do convenio de colaboración para a bonificación dos custos do financiamento das pequenas e medianas empresas de Galicia titulares de préstamos superiores a 25.000 €, subscrito entre o Instituto Galego de Promoción Económica (Igape), as entidades financeiras e as sociedades de garantía recíproca (Programa de apoio financeiro ás pemes), e que ten interese en participar no dito convenio.

- Que cumpre os requisitos establecidos para obter a condición de entidade colaboradora no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Por todo isto, SOLICITA:

Adherirse aos termos e condicións do referido convenio.

## SINATURA E SELO DA ENTIDADE FINANCEIRA

Lugar e data

 ,  de  de 

Dirección Xeral do Igape



XUNTA  
DE GALICIA

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia>

## ANEXO VI

**Relación de entidades financeiras e sociedades de garantía recíproca adheridas****Axudas para a bonificación dos custos de financiamento das pemes de Galicia, titulares de préstamos superiores a 25.000 € (Programa de apoio financeiro ás pemes)**

Caixas	Bancos	Sgr
– Caixa Rural Galega, Sociedad Cooperativa de Crédito Limitada Gallega	– Banco Popular Español, S.A. – Banco Pastor, S.A. – NCG Banco, S.A. – Banco Caixa Geral, S.A. – Banco Bilbao Vizcaya Argentaria, S.A.	– Afianzamientos de Galicia, Sociedad de Garantía Recíproca (Afigal, S.G.R.) – Sociedad de Garantía Recíproca de la Pequeña y Mediana Empresa de Pontevedra y Ourense (Sogarpo, S.G.R.)

